



Informe

A incorporación da mancomunidade Serra do Barbanza a SOGAMA: un paso atrás



Vista aérea da planta de compostaxe e reciclaxe de Lousame

Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA)

Xaneiro de 2026



O pasado 30 de decembro de 2025, a Xunta fixo pública a incorporación da Mancomunidade Serra do Barbanza a SOGAMA, polo que os residuos que antes se trataban na planta de compostaxe e reciclaxe de Lousame poderán tratarse nas instalacións de SOGAMA. Para isto, SOGAMA e a Xunta ofrécenlle aos concellos da Mancomunidade Serra do Barbanza as plantas de transferencia máis próximas, que son as de Santiago, Boiro ou Cee. Coa presenza da conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, o acordo foi asinado polo presidente de SOGAMA, Javier Domínguez, e o da Mancomunidade e Alcalde de Brión, Pablo Lago.

SOGAMA, o “greenwhasing” da Xunta na xestión de residuos

Segundo a conselleira de Medio Ambiente, con este acordo a Mancomunidade súmase a “unha das plantas máis sostíbeis e eficientes de toda España”. É mentira. A realidade é moi distinta e o acordo representa un paso atrás e a cesión ante as presións da Xunta e Ecoembes que viñan asfixiando este modelo alternativo xa desde 2010, cando demostrou ser dos máis eficientes de todo o Estado.

SOGAMA tratou xa en 2025 o 82% dos residuos xerados en Galiza, e coa incorporación da Mancomunidade da Serra do Barbanza pasará a tratar o 85% do total. Por tanto, SOGAMA é responsábel do incumprimento dos obxectivos de tratamento a nivel galego, o que se traduce na situación de Galiza como terceira comunidade pola cola en reciclaxe, só despois de Melilla e Ceuta, en 2022 (últimos datos dispoñíbeis, ver Gráfico 1). Mentres a reciclaxe en todo o ámbito SOGAMA estivo arredor do 20%, Barbanza e Nostián atinxiron reciclaxes de entre o 40 e o 50% nese ano.

ADEGA

Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza

Av. de Castelao 20, baixo 15704 Santiago de Compostela

www.adega.gal · 981 57 00 99 · adega@adega.gal




Gráfico 1. Elaboración propia a partir do informe do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (MITERD, 2025)

Barbanza: 2 décadas reciclando 5 veces máis que SOGAMA

SOGAMA comezou a funcionar no ano 2000 e o modelo do Barbanza fíxoo en 2003. Ao longo de máis de dúas décadas, o modelo de Barbanza multiplicou por 5 os resultados medios de SOGAMA (ver Gráfico 2). Até 2010, Barbanza superou o 60% de reciclaxe, cifra que caeu ao 35-40% nos anos que seguiron até a actualidade, pero sempre moi superior ás acadadas no conxunto do ámbito SOGAMA, que se mantivo arredor dun 10%, para situarse entre o 15 e o

ADEGA

Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza

Av. de Castelao 20, baixo 15704 Santiago de Compostela

www.adega.gal · 981 57 00 99 · adega@adega.gal

20% despois dos fortes investimentos do ano 2019. Investimentos de máis de 31 millóns de euros en SOGAMA, mais que lle foron negados a Barbanza e a Nostián.




Gráfico 2. Elaboración a partir de varias fontes (MITERD, PXRUG 2010-2020, PXRMG 2023-2030)

En contra do que afirma a Xunta sobre a capacidade de tratamento de SOGAMA do 100% do lixo galego, a realidade é que a planta incineradora só pode tratar unha cantidade fixa de residuos, e a porcentaxe de vertido só decrece cando decrece a entrada de residuos a SOGAMA (Gráfico 3). Por tanto, o acordo coa Mancomunidade significa simplemente un cambio de lugar de vertido dos residuos, que en vez de ir a Sobrado, pasarán a verterse no vertedoiro sen fin da Areosa. Trátase do maior vertedoiro de toda a historia de Galiza, e que acumula xa 6,5 millóns de toneladas de residuos vertidas desde a súa inauguración en 1995.

ADEGA


Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza

Av. de Castelao 20, baixo 15704 Santiago de Compostela

www.adega.gal · 981 57 00 99 · adega@adega.gal

A reciclaxe e a compostaxe en SOGAMA, estancadas e moi baixas

Os datos tamén indican que as supostas melloras introducidas por SOGAMA en 2019 para recuperar residuos para reciclaxe a partir da bolsa negra, tiveron un efecto moi reducido. A reciclaxe total do que entra a SOGAMA só conseguiu pasar do 5,3% en 2018 ao 8,2% en 2020, o máximo histórico (ver Gráfico 3). E nos últimos anos está a diminuír, volvendo ao 6,7% en 2024! Outra das “melloras” en SOGAMA é a posta en funcionamento dunha planta de compostaxe, que tras 4 anos en operación só conseguiu tratar o 0,1% dos residuos entrantes.



ADEGA

Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza

Av. de Castelao 20, baixo 15704 Santiago de Compostela

www.adega.gal · 981 57 00 99 · adega@adega.gal




Gráfico 3. Elaboración propia a partir dos correspondentes informes de “Contas anuais-Informe de xestión”, publicados por SOGAMA na súa web

Dúbdidas que non aclara a nota da Xunta

En definitiva, O Barbanza incorpórase a un modelo que incumpriu os obxectivos de reciclaxe do 50% fixados para 2020, e que hoxe está aínda máis lonxe de cumprir o obxectivo do 55% establecido na normativa para 2025.

Cunha vixencia de 5 anos e prorrogábel, o anuncio feito pola Xunta non concreta se o que vai tratar SOGAMA son unicamente os rexeites, ou se implica, como sospeitamos, o peche total

das instalacións de Servia en Lousame, coa perda de empregos que isto significaría. Está confirmado que os rexeites (entre o 60 e o 70% do lixo xerado na Mancomunidade) que se enviaban en 2025 ao vertedoiro de Sobrado dos Monxes, pasarán a enviarse ao de SOGAMA en Cerceda. Nos últimos anos, SOGAMA vén enviando a vertedoiro unhas 200.000 toneladas anuais, que agora incrementará en aproximadamente un 10%.

Un punto que si aclara a nota da Xunta é que Serra do Barbanza terá que adaptar antes o seu sistema de contenerización e recollida ao modelo SOGAMA, algo que xa comezara a facer en 2025. Trátase da introdución do contedor específico para residuos de envases (“bolsa amarela”), e que como podemos ollar no Gráfico 3, só achegou nos últimos anos a reciclaxe de entre o 2,4% e o 1,9% dos residuos que entraron a SOGAMA nos últimos anos, un dos peores resultados do Estado español. Tamén aclara que SOGAMA se compromete a colaborar nas campañas de información, formación e concienciación para instruír a veciñanza na correcta separación de residuos en orixe. Tamén neste eido, os resultados de SOGAMA ao longo dos anos foron moi inferiores aos da propia Mancomunidade Serra do Barbanza.

A mellora da xestión é posíbel no ámbito local

ADEGA lamenta este paso atrás, propiciado polo trumpismo ambiental da Xunta, e lembra que aínda enviando os residuos a SOGAMA, os concellos do Barbanza, como calquera outro do ámbito SOGAMA, poden mellorar substancialmente os seus resultados. A separación en orixe é a clave e teñen ao seu dispor modelos alternativos como a recollida porta a porta e a compostaxe doméstica e comunitaria que permitirían superar sen dúbidas ese obxectivo do 55% de reciclaxe fixado para 2025. A responsabilidade da xestión dos residuos, aínda coa Xunta a saboteala, segue nas mans das autoridades locais.

ADEGA

Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza

Av. de Castelao 20, baixo 15704 Santiago de Compostela

www.adega.gal · 981 57 00 99 · adega@adega.gal



ADEGA

50 aniversario